

# LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º PARCIAL, 2ª AVALIACIÓN

3º ESO

**Nome e apelidos:**

**Curso e grupo:**

**Data:**

**1. Le a seguinte composición medieval de carácter satírico e responde:**

**Que tipo de sátira se está facendo? Xustifica a túa resposta tendo en conta o tópico que se está atacando. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.**

De vós, senhor, quero eu  
dizer verdade  
e nom ja sobre o amor que  
tenho por vós:  
senhor, bem maior é vossa  
estupidez  
do que a de quantas outras  
conheço no mundo  
tanto na feiúra quanto  
na maldade

**2. Define sátira moral, social e sexual. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.**

**3. Cales son os tipos de prosa medieval non literaria? Con que tipos de textos se corresponden? Nomea unha obra para cada caso. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 2 PUNTOS.**

**4. Xustifica o emprego dos signos de puntuación indicados nas seguintes oracións. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.**

- Onte á noite, decidín volver á casa. A coma.
- Ramón estuda no seu cuarto e Ana, no salón. A coma.
- Carme díxome: “Non creo que me volvas ver, pero quero que gardes o mellor recordo de min”. Os dous puntos e a coma.
- A cama é cómoda: durmirei ben. Os dous puntos.

**5. Pon letra maiúscula cando sexa necesario. Márcaas por riba das minúsculas. 1 PUNTO.**

- O consello da cultura galega vai celebrar o día da patria galega cunha exposición cultural.
- Eu vivo na avenida de castelao, que está preto do edificio da seguridade social.
- Querida Xandra: “estaba agardando a túa mensaxe”.
- Cada mañá compro o xornal praza pública.
- A literatura do naturalismo sempre me apaixonou.
- A bioloxía é unha disciplina moi interesante, vte. debería matricularse na facultade se ten tanto interese.
- A idade media é unha etapa histórica na que viviu o rei Afonso X o sabio.
- Luz Pozo Garza escribiu a obra de poesía titulada códice calixtino.
- A igrexa da peregrina está en Pontevedra.

**6. Identifica os determinantes e os pronomes nas seguintes oracións e despois indica de que tipo son e cal é o seu xénero e número. FACER NO FOLIO EN BRANCO. 1,5 PUNTOS.**

- Algúns rapaces chegaron hoxe, o primeiro apareceu de madrugada.
- Miña avoa leva moitos anos aquí, dous botounos enferma.
- Aquela rapaza que ves fóra é a primeira.
- Cantos días vas tardar?

**7. Reescribe as seguintes oracións corrixindo, se é necesario, os erros referidos ao emprego dos artigos e dos demostrativos. 1 PUNTO.**

- Cas miñas amigas non quero falar de este tema.
- 

- En uns días falamos deste tema, en aquel outro xa nos centraremos; non te preocupes.
- 

- O mellor necesito falar porque esto preocúpame moito.
- 

- Por o camiño que escolliches chegarás máis tarde a a Coruña.
- 

- Con unha das miñas mellores falarei de iso cando chegue o momento.
-